



A presidenta da Cámara remite unha carta a diferentes colectivos para convidalos a coñecer a sede da Cámara lexislativa galega

O Parlamento de Galicia potencia o programa de visitas guiadas á institución e edita unha publicación específica para os visitantes

- **As citas pódense concertar por teléfono ou a través da páxina web do Parlamento**

Santiago, 19 de marzo de 2010.- Na estratexia encamiñada a dar a coñecer o quefacer cotiá da Institución, o Parlamento de Galicia vai potenciar o programa de visitas guiadas á súa sede e acaba de editar unha publicación específica orientada ás persoas que se acheguen a coñecer o Pazo do Hórreo.

Esta estratexia enmárcase no compromiso adquirido pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo, encamiñado “abrir o Parlamento á sociedade”, obxectivo que pretende materializar con actividades como o curso sobre competitividade económica que se ven de celebrar no Pazo do Hórreo, pero tamén a través de visitas organizadas á sede lexislativa.

Estes días, Pilar Rojo está a remitir cartas a diferentes colectivos sociais de Galicia para convidalos a tomar parte no programa de visitas guiadas ao Parlamento, de xeito simultáneo ás visitas guiadas para centros escolares.

Na misiva, Rojo Noguera informa que nas visitas guiadas ao Parlamento, o persoal da institución ofrece explicacións sobre o funcionamento da Cámara, ao tempo que brinda a

posibilidade de xestionar encontros con deputados e deputadas dos diferentes grupos parlamentarios.

Alicientes adicionais

Como aliciente adicional, ademais do interese arquitectónico do edificio, o Parlamento de Galicia atesoura unha valiosa biblioteca e unha rica colección de arte, integrada por máis de 200 obras de destacados artistas galegos da nosa historia recente –Laxeiro, Quesada, Díaz Pardo, Carlos Maside, Luis Seoane, Urbano Lugrís, Manuel Colmeiro, Menchu Lamas, Acisclo Manzano, Buciños, Silverio Rivas, etc.–, que, “sen dúbida, contribúe a facer máis atractiva a visita”, en palabras de Rojo Noguera.

“En nome propio, e no de todos os deputados e as deputadas, reitérolles que as portas do Parlamento de Galicia están abertas para recibir a visita do colectivo que vostedes representan”, apunta a presidenta da Cámara na misiva.

Os colectivos interesados en participar no programa de visitas guiadas ao Parlamento de Galicia poden solicitalo por teléfono (981 55 13 00 extensións: 2220 e 2043), por correo electrónico (presidencia.pargal@parlamentodegalicia.es) ou a través da páxina web da institución (www.parlamentodegalicia.es).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia